

APUNTAMENTO HISTÓRICO SOBRE O MOSTEIRO DE CARBOEIRO PUBLICADO POLO HERALDO GALEGO DE OURENSE DÍA 20 DE MARZO DE 1879

Autor J. Salgado Rodríguez




O mosteiro atópase situado na beira do río Deza, partido xudicial de Lalín, provincia de Pontevedra, e a súa fundación data de principios do século X. A igrexa pertence á orde románica e atópase edificada nunha pequena península que forma o río no seu caprichoso curso, foi notable este mosteiro en tempos pasados, pola súa historia, as súas riquezas e os seus magníficos edificios. No lugar que ocupa había antigamente unha ermida, que con varios bens era propiedade dun tal Exica, a quen llela compraron os condes D. Gonzalo e Dna. Teresa, fundadores deste mosteiro. Tivo isto lugar polo ano 939, segundo consta na escritura de fundación de Carboeiro, que escrita en gótico, veu o distinguido historiador beneditino pai Yepes no arquivo de San Martiño Pinario de Santiago.

Por aqueles anos fíxose a obra do mosteiro a expensas dos mencionados condes, que lle dispensaron toda a súa protección, si ben D. Gonzalo faleceu antes de ver realizado o seu proxecto. A condesa a pesar deste contratempo, non abandonou a obra, antes pola contra, mostrou maior empeño na súa conclusión; e conseguíndoo, fixo que se elixise abade a un tal Félix, presbítero e suplicou ao bispo Hero de Lugo, en cuxa diocese se atopaba Carboeiro, que para maior solemnidade viñese a consagrar a igrexa do convento.

O bispo, deferente coa condesa, concorreu a consagración, e tamén veu San Rosendo, parente da mesma, que se atopaba no mosteiro de Celanova, fundado e enriquecido por este santo cos seus bens. Seguindo os costumes da época, bendiciuna o abade naquel solemne acto, e dedicouse a igrexa e colocáronse nos altares reliquias de San Lourenzo, San Hipólito, San Paio, San Vicente, Santos Xoan Bautista e Evanxelista, Santo Tomé Apóstolo, San Pedro, abade e San Martiño, bispo.

San Lourenzo de Carboeiro






Non satisfeita a condesa dona Teresa co feito dirixiuse persoalmente na compañía do bispo D. Hero a León, residencia dos monarcas, e pregoulle ao rei, que era naquela altura D. Ramiro I, que tomase baixo a súa protección o convento de Carboeiro. D. Ramiro atendeu as súplicas da condesa, protexendo o mosteiro e non permitindo sobre o mesmo máis xurisdicción que a dos reis de León; de maneira que xa coa protección real, xa coa especial da condesa adquiriu Carboeiro gran prosperidade e enriquecemento durante a primeira metade do século X.

Entre os bens doados polo condes D. Gonzalo e Dona Teresa figuraba parte do territorio do Salnés na provincia de Pontevedra, que os seus ascendentes poboaran e reduciran a cultivo, posuíndo pacificamente durante moitos anos. Morta a condesa Teresa e dado o desarranxo que alcanzou aos mosteiros no século X e seguintes, nada ten de estraño que Carboeiro sentise tamén os seus efectos. A pesar disto, non lle faltou nunca a protección dos descendentes de D. Gonzalo e dona Teresa, e así vemos que, téndose apoderado inxustamente do territorio do Salnés, os habitantes destas comarcas establecendo alí varias salinas, dona Aragonta, filla dos condes, fundadora do mosteiro de Salceda, moi preto de Tui, e segunda esposa do rei D.

Ortoño II, logrou de acordo con seu irmán D. Paio, cara ao ano 964, desposuír os usurpadores, prendéndoos e querelándose ante os xuíces da terra. Con este motivo tivo lugar unha xunta, á que asistiu o bispo de Santiago D. Sisnando II a condesa dona Aldara, señora da torre de Lobeira e Menendo Menéndez, aos cales competía o coñecemento do negocio. O bispo Sisnando decidiu que de todas as salinas se fixesen dez partes, unha para o mosteiro de Camanzo, tamén fundado polos condes D. Gonzalo e dona Teresa; outra para o de Salceda, outra para o de Celanova, outra para o de Vilanova da Condesa, fundación de Santa Aldara, nai de San Rosendo; outra para San Lourenzo de Nogueira, fundación do conde D. Paio; outra para os mosteiros de Carboeiro, Cantaño, Piloño e Pesegueiro; outra para dona Aragonta e D. Paio e catro, en fin para os homes que fixeran as salinas.

Rematado desta forma o negocio, a raíña dona Aragonta retirouse ao mosteiro de Salceda, deixando a Carboeiro coa parte que lle fora adjudicada. Antes deste suceso xa a mesma dona Aragonta dera probas da súa predilección polo mosteiro de San Lourenzo, vivindo aínda seus pais, pois segundo consta por escritura outorgada no ano 929, que subscriben tamén estes, doarao a vila de Adcanario, que disque se atopa fronte ao mosteiro e recibiraa do conde D. Sancho como pagamento dunhas granxas que o seu señor e marido o rei D. Ortoño II lle dera en dote; segundo costume daqueles tempos.

Pola mesma data un bispo chamado D. Ariano ou Arias, que algún supón irmán de dona Aragonta engadiu á doazón destas terras chamadas porta de Orza, xuntas a Adcanario, e con estes donativos e outros moitos acadou S. Lourenzo de Carboeiro unha época de engrandecemento que por desgraza lle durou pouco tempo. No reinado de D.



Bermudo II a facenda do mosteiro andaba disipada, os costumes dos monxes relaxadas e con motivo das faccións introducidas na comunidade por Arias Pelagio, que se di foi bispo, e Afonso Bermúdez, atravesou Carboeiro un período tal, que a piques estivo de desaparecer se D. Bermudo II non lle dispensase o seu poderoso apoio. Este monarca vendo o estado de decadencia que acadara o mosteiro de S. Lourenzo, cuxos fundadores eran ascendentes seus, determinou restauralo e para isto concertou cos presbíteros Estrarico e Trasaurio, cedéndolles o mosteiro para que alí fixesen vida santa e varios bens, declarándoo exento de todo tributo e non suxeito a ninguén senón a Deus, segundo consta dun privilexio outorgado nos derradeiros anos do século X. Desde a restauración de S. Lourenzo polo rei D. Bermudo, seguíu este convento engrandecéndose de xeito que na súa época foi un dos máis ricos de Galiza, segundo o afirma o P. Yepes. No ano 1075 dona Hermesinda doou ao seu abade Arenemiro a vila de Velvayo; en 1099 o conde D. Ramón e a súa esposa dona Urraca fan un troco con Carboeiro dándolle o herdo de Pastoriza de Carbia por outros lugares do convento, en Escuadro, Genestoso e Tabeirós; en 116 sostivo o convento de Carboeiro un preito coa catedral de Santiago sobre a pertenza dun herdo chamado Palacios de Rege, que se decidiu en favor seu; en 1144 D. Alfonso VII permutoulle a metade da vila de Merza por varias facendas; en 1159 D. Fernando II declarou coto o herdo de Bodaño que o bispo de Compostela D. Martiño dera a Carboeiro, e cinco anos despois o mesmo rei confirmou por outro privilexio, todo o que os seus antecesores concederan ao convento.

Por último, D. Afonso IX e S. Fernando outorgaron varios privilexios en favor de Carboeiro e confirmaron outros, declarándoo D. Fernando X exento de pagar acémila ao rei e prohibindo ter amos nin vasallos no seu coto sen consentimento do abade, cara mediados do século XIII. Outras doazóns e privilexios particulares tivo por aqueles séculos S. Lourenzo, que revelan ben claramente o seu estado de prosperidade; pero por non molestar os nosos lectores soamente faremos mención dunha escritura do final do século XV, na que ao abade Munio, sucesor de Aldereto, deixa ao mosteiro varios bens que no seu tempo foron ofrecidos ao mesmo, como ornamentos e outros obxectos de prata, por dona Urraca, D. Sancho, D. Afonso e D. García, fillos do rei D. Fernando, e en cuxa escritura, que veu o pai Yepes, faise unha relación dos abades do mosteiro, asinándoa varios bispos e abades, entre eles, San Fagildo de San Paio.

Rematando os Reis Católicos de reformar as ordes relixiosas de S. Bieito, para evitar a corrupción e mal estado o que chegaran, acudiron ao Papa Inocencio VIII que, recoñecendo os males dos que se queixaban os reis, acordou a reforma, e o mesmo Alexandro VI. Naqueles tempos do ano 1500, como consecuencia da indicada reforma, pasou S. Lourenzo de Carboeiro a ser un anexo de San Martiño Pinario, da cidade de

Santiago sendo abade deste mosteiro Frei García de Astudillo. Con este motivo os bens de Carboeiro e os dos seus anexos, entre os que figuraba San Isidro de Montes, mosteiro antiquísimo, reedificado polo abades de San Lourenzo en 1155, cuxa igrexa consagrou D. Suero, bispo de Coria, pasaron a San Martiño Pinario, e Carboeiro deixou desde aquela data o título de abadía, correndo da conta de San Martiño o nomeamento dos abades no coto para a administración dos sacramentos e para gobernar vasalos e rendeiros. No templo de Carboeiro venerábase unha espiña do Señor, sendo moi respectada polo naturais; pero esta reliquia xa fora roubada en tempos do P. Yepes. Este templo como dixemos ao principio deste artigo, é románico e a súa construción data do século XII segundo o revelan dúas inscricións existentes na súas paredes unha no exterior do mesmo e outra no interior. A primeira di: ERA MCCDVIII

A segunda indícanos a mesma data e que o templo o fundou o abade Fernando. Di así:

E: I.CC : VIII + HIISHOC TEMPLVM : FVNDAVIT ABB: FERNANDVUS : CVM SVORVM : CATERVA MONACORVM:

Tradución: Era 1209 a 1º de Xullo. Este templo fundouno o abade Fernando cos seus monxes.

Outra inscrición existe no pavimento da igrexa, e preto do presbiterio, que revela, baixo a lousa onde está escrita, a existencia do sepulcro do abade Fernando. Di así:

ABBAS FERNANDVS JACET HOC TVMVLO VENERANDVUS MORIBVS ORNATVN FIRMVNT DICVNTQVE BEATVM REGES MAGNATES PROCERES REGNIQVE PTENTES, CLARVS. MAGNIFICVS PROVITATIS SEMPER AMICVS GAVDEAT IN PAGE CELI FERNANDVUS INARCE ERA MCCXXX

Tradución: Neste túmulo xace o venerable abade Fernando. Os reis, os magnates, os próceres e poderosos do reino, son testemuñas da pureza dos seus costumes, e aclámano benaventurado. Goce en paz Fernando na morada. Ano 1192.

Da notable abadía de Carboeiro quedan hoxe veneradas ruínas, que traen á memoria do viaxeiro e do arqueólogo, lembranzas da fe e piedade dos nosos maiores, ao tempo que revelan algo da historia do noso pasado.

Oxalá que persoas máis competentes que nós nestas materias fagan delas detido estudo, antes de que a man do tempo as borre por completo así como doutros preciosos monumentos da nosa patria, cuxa perda nunca se lamentaría bastante polos amantes das súas glorias!



A igrexa de Carboeiro é un dos maiores expoñentes do románico oxival ou románico tardío do país, presenta planta de cruz latina con tres naves e un cruceiro; na cabeceira atopámonos coa xirola ou deambulatorio, o que nos indica que no seu momento este templo foi un centro de peregrinación, que separa a zona do altar maior das tres capelas absidiais.

As medidas interiores da basílica son as seguintes: desde a porta principal, orientada ao oeste, até o fondo de capela maior 35m. As 3 naves principias até a nave do cruceiro 15m, cunha anchura de 14m dos que 7m son da nave central e 3,5m corresponden ás laterais.

Afirma Yzquierdo Perrín que a *complexidade arquitectónica da súa planta e alzados só admite parangón coa catedral compostelá e algúns outros edificios debidos aos cistercienses.*

Esta igrexa conta con máis de corenta puntos de luz repartidos entre ventás en saeteira e rosetóns, algo moi rechamante nun templo románico. Mesmo as escaleiras que nos levan ás torres e nos achegan á cripta contan con pequenas ventás.


Especial mención merecen os rosetóns 9 en total, deles 6 na nave do cruceiro, o que dá ao patio consérvase intacto e 3 na fachada principal, lembrar que o que se atopa sobre esta portada é do século XIV cando se substituíu o orixinal, que contaba case co dobre de diámetro co actual, ao engadirlle a fachada unha torre.

A fachada principal adornada, como dixemos por tres rosetóns, lémbra-nos a Santiago, aquí ao igual que no Pórtico da Gloria están representados os músicos do Apocalipse pero cunha pequena diferenza que en vez de 24 músicos aquí en Carboeiro soamente contamos con 23. Non sabemos se foi un erro do autor ou simplemente quixo diferenciarse de Compostela. En todo caso en Santiago dous músicos tocan o mesmo instrumento, o organistrum, mentres que en San Lourenzo un único músico é o que se fai cargo del.

O tímpano contaba na súa orixe con tres figuras, hoxe soamente se conserva a tetramorfos da dereita, un relevo coas figuras do home e do león representativas dos evanxelistas San Mateo e San Marcos, as outras dúas o pantocrátor e o outro tetramorfos desapareceron nos anos 50 de século pasado.

Na cripta construída para salvar o desnivel do terreo e servirille de apoio á cabeceira do basílica, atópanse 3 capelas, que disfrutan de iluminación natural debido a 3 saeteiras de arco de medio punto e dobre derrame, e un

deambulatorio separado por dúas columnas de fuste cilíndrico. Neste espazo as bóvedas son de arista realizadas coa técnica de *cascajo*, Carboeiro xunto coa catedral de Tui son os únicos lugares de Galiza onde se conservan. Acorde coa súa función litúrxica de igrexa subterránea a cripta é dunha gran sobriedade arquitectónica, o seu principal atractivo radica quizais precisamente nesta falta de ornamentos.





Monastery of Carboeiro



Curiosities:

- > In one of the archivolts, it is represented the Portico of Glory with the Elders of Apocalypse.
- > There are marks of the stonemason.
- > In one of the chapels there are paintings.
- > Inscriptions in the church.
- > Three bell towers with breathtaking views.
- > Around the Monastery: the dovecote, the mill, the Roman path and the Romanesque bridge "Ponte do Demo".

The monastery of Carboeiro is situated on the bank of Deza River, in Silleda. It is regarded as a treasure of Galician Romanesque-Ogival.

In the Xth century, Gonzalo and Teresa, Count and Countess of Deza, bought a hermitage, property of Égica. They built the Monastery in 936 and the Benedictine monks lived there until XIXth century.

When the Count died, without having finished the church, the Countess named the monk Felix "abbot of the monks' community". The church was consecrated by Hero, Bishop of Lugo, and S. Rosendo. It was also protected by the Monarch Ramiro II.

The properties of the Monastery continued increasing, so it was necessary to build a new church. This one was founded in 1171 by the abbot Fernando.

This church has a Latin cross plan: three naves, a transept and a polygonal presbytery. The last one is surrounded by the ambulatory with three chapels which are supported by the crypt, unique in Galicia.

The Catholics Monarchs, in 1500, made a reform of the Benedictine order: Carboeiro lost the title of Abbey and it was named Priory of San Martin Pinarío.

In XIXth, as a result of "Seizure of Mendizabal", the life in this Monastery finished and it turned into ruins.

1931 is one of the most important dates for Carboeiro because it was declared "Artistic Historic Monument". After years of neglect, the restoration began and nowadays, it is possible to visit it and so, visitors can imagine the life of people in the Medieval Times.